

Lectura complementaria

Le con atención o texto e responde as preguntas.

Ítaca

Se fores iniciar a viaxe cara a Ítaca,
roga que o teu camiño sexa longo,
rico en experiencias, en coñecemento.
A Lexistróns¹ e a Cíclopes²
ou ao irado Poseidón³ xamais temas,
seres que non has de atopar no teu roteiro
se alto for o teu pensamento e limpa
a emoción do teu espírito e do teu corpo.
Nin Lexistróns nin Cíclopes
nin ao fero Poseidón acharás nunca,
se non os lebares dentro da túa alma,
se non for a túa alma quen ante ti os pon.
Roga que o teu camiño sexa longo,
que innúmeras sexan as mañás do verán
en que con pracer, felizmente
arribes a baías xamais antes olladas;
demórate nos emporios da Fenicia
e adquiere fermosas mercadorías,
madreperla e coral, ámbar e ébano,
exquisitos e variados perfumes,
en perfumes voluptuosos e delicados inviste canto puideres;
visita moitas cidades do Exipto
e insaciable aprende dos seus sabios.
Preserva sempre na memoria Ítaca.
O teu destino está nela.
Pero non apresures a viaxe.
Que ela se prolongue polos anos
e na túa vellez arribes á illa
cos bens que no pasado recadaches
sen agardar que Ítaca te enriqueza.
Ítaca regalouche unha fermosa viaxe.
Sen ela non terías iniciado o camiño.
Mais ningunha outra cousa che pode dar.
Aínda que pobre a encontrases, Ítaca non te enganou.
Conforme rico en saber e en vida regresaches
así comprendes que significan as Ítacas.

¹Lexistróns: pobo antropófago que na *Odisea* se sitúa na costa italiana. ²Cíclopes: personaxes da mitoloxía clásica, fillos de Urano e Xea, que personificaban os fenómenos atmosféricos. ³Poseidón: na mitoloxía grega, deus dos mares.

K. Kavafis: *Poesías completas*, en *Literatura do século xx*,
Ed. Vía Láctea

Entende a lectura

- 1 Por que, segundo o autor, convén que a viaxe a Ítaca sexa longa?
- 2 Que posibles perigos hai no *roteiro* cara a Ítaca? De que maneira se poden evitar?
- 3 Que lugares aconsella visitar? Para que?
- 4 Cal é a gran riqueza que ofrece Ítaca?

Analiza o texto

- 5 Explica o significado das palabras que se subliñaron o texto. Usa o dicionario se o precisas.
- 6 Di de que palabras do texto son sinónimos os seguintes adxectivos:
sensuais *suaves* *garda* *moitas* *deliciosos*
- 7 Busca exemplos dos enlaces léxicos que aparecen no poema:
 - Repeticións de palabras.
 - Substitución de palabras polos sinónimos correspondentes.
 - Substitución de termos xeneralizadores por outros máis específicos.
- 8 Para evitar repeticións innecesarias, o autor recorre ao emprego de pronomes. Busca exemplos e di a que palabras substitúen.
- 9 Resume as ideas que o autor expresa en cada un dos catro segmentos do poema (correspondentes cos parágrafos na prosa). Ten en conta que **a viaxe** e **o camiño** adoitan ser, en literatura, metáforas da vida.

Investiga

- 10 Infórmate e contesta:
 - Onde está Ítaca?
 - Ítaca é a patria dun coñecido personaxe da literatura grega. De quen?
 - Quen creou ese personaxe?
 - Que dúas obras se lle atribúen a ese autor? Explicaas brevemente.